

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G007/000023



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 23/2022
CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
07 DE NOVEMBRO DE 2022**

FIRMADO POR Miguel Piñeiro Souto (FECHA: 09/11/2022 13:07:00) , Millagros Lantes Seara (FECHA: 09/11/2022 17:45:00)

Versión imprimible

CVD: 8xixvMnRl/IJHtsJo2qk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PRECTA

1.- Acta da sesión anterior (24/10/2022). Aprobación

2.- Publicacións boletíns oficiais.

3.- Decretos. Dación de conta.

4.- Facturas. Aprobación e pago.

5.- Garantías.

- 5.1.- Devolución aval nº 47/15, depositado para garantir posibles desperfectos na realización da obra: Construción de vivenda unifamiliar no lugar de Fontecaldeira.
- 5.2.- Devolución fianza metálica I320220000440, depositada para responder do contrato privado de natureza mixta servizos e subministro: Musealización do Museo de Bergantiños do concello de Carballo, substitución por aval bancario.

6.- Reserva de espazo público.

- 6.1.- Vao permanente na rúa Vázquez de Parga número 81. Baixa
- 6.2.- Vao permanente na Avenida de Razo número 8. Baixa
- 6.3.- Vao permanente na rúa Río Anllóns número 18. Baixa
- 6.4.- Vao permanente na rúa Manuel María (Avda Fisterra 2, semisoto). Autorización

7.- Licenzas de obra.

- 7.1.- Rehabilitación e ampliación de edificación destinada a vivenda turística no lugar de A Chamusqueira. Expte: 2022/U022/000035.
- 7.2.- Construción de vivenda unifamiliar no lugar de Imende, parroquia de Noicela. Expte: 2022/U022/000052
- 7.3.- Instalación eléctrica no lugar de Gontade, parroquia de Ardaña (polígono 55, parcela 165). Expte: 2022/U022/000074
- 7.4.- Instalación eléctrica no lugar de Requeixo, parroquia de Bértoa. Expte: 2022/U022/000080
- 7.5.- Substitución de cuberta dúas edificacións destinadas a almacén no lugar de Xoane da Estrada, 120-122, parroquia de Goiáns. Expte: 2022/U022/000040

8.- Oferta de Emprego Público do concello de Carballo do ano 2022 (OEP 1/2022). Corrección de erro material.

9.- Expedientes de contratación. Aprobación

- 9.1.- Contrato administrativo de subministro denominado “Herramienta de rescate en accidentes a batería para el servicio municipal de Protección Civil” (SUM 18/2022)
- 9.2.- Contrato administrativo de Servizos, por prezos unitarios, para a realización de traballos preventivos de maneira mecanizada e manual para a prevención e defensa contra incendios forestais. Lote un: Desbroce de vías nas parroquias do Concello de Carballo. Lote dous: Desbroce de espazos urbanos e de uso público do Concello de Carballo (SER 19/2020). Modificación núm. 2. Prórroga LOTE DOUS.

10.- Expedientes de contratación. Finalización de contrato.

- 10.1.- Contrato baseado en el acuerdo marco para la contratación del suministro de electricidad en alta y baja tensión por la Central de Contratación de la FEMP, núm. Expediente: FEMP:2020/000269, Suministro de electricidad en alta y baja tensión del Ayuntamiento de Carballo. (SUM 18/2020). Finalización del contrato basado.

11.- Expedientes de contratación. Dación de cuenta

- 11.1.- Contrato administrativo de “Suministro, por renting, de 13 copiadoras con destino a las oficinas municipales del Ayuntamiento de Carballo” (SUM 05/2019). Cambio de denominación del contratista. Dación de cuenta.

12.- FOD1.- Contrato administrativo de suministro “Combustible de calefacción (pellets) con destino a diversos centros del Ayuntamiento de Carballo” (SUM 15/2022). Aprobación.

13.- FOD2.- Proxecto de compensación da Área de Reparto do Sector S-I4-CALVO. Aprobación definitiva.

14.- Rogos e preguntas

BORRADOR DA ACTA Nº 23 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2022

Na Casa Consistorial o sete de novembro de dous mil vinte e dous (07/11/2022) sendo as 13 horas e trinta (13:30 h.), reúnese a Xunta de Goberno Local na sala de Plenos do concello de Carballo, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, baixo a presidencia da Tenente de alcalde Milagros Lantes Seara, por delegación decreto 3049/2022 do 11 de outubro, coa asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

Asistentes á sesión:

Milagros Lantes Seara
María Belén Lendoiro Esmorís
Maruxa Suárez Cotelo
María Mar Eirís Villar
Marcos José Trigo Facal

Ausentes con escusa:

Evencio Ferrero Rodriguez
Xosé Regueira Varela

Asiste pola Intervención a Interventora, Irache Enríquez Albaina, e pola Secretaría o Secretario Miguel Piñeiro Souto, que dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos, incluídos na orde do día:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (24/10/2022). APROBACIÓN.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos membros presentes (5) aprobar a acta da sesión celebrada o día 24 de outubro de 2022 ordinaria (xgl 22/2022), que foi repartida coa convocatoria.

2.- PUBLICACIÓNS BOLETÍNS OFICIAIS.

2.1.- BOP

N.º 209 de 4 de novembro de 2022

Concello de Carballo. Aprobación das bases e convocatoria para a provisión dunha praza de docente para impartir a acción formativa Soldadura con electrodo revestigo e TIG. Expte: 2022/E001/000021

2.2.- DOG

N.º 206 de 28 de outubro 2022

-Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se modifica a orde do 29 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 6, do 11 de xaneiro).

-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Orde do 24 de outubro de 2022 pola que se modifica a Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais, cofinanciadas polos fondos do programa de economía circular e do plan de impulso ao ambiente-pima residuos, e se

procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975N).

N.º 211 de 7 de novembro de 2022

-Consellería de Promoción do Emprego e Igualdad. RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2023 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

19. Carballo: 21 de febreiro, Martes de Entroido, 24 de xuño, festa patronal de San Xoán Bautista.

3.- DECRETOS.

-DECRETO N.º 3225/2022 DE 27/10/2022. Contrato administrativo mixto de suministro e servizos denominado "diseño, suministro e instalación del alumbrado público ornamental del ayuntamiento de carballo" (SUM 17/2022). Aprobación.

4.- FACTURAS. APROBACIÓN E PAGO.

Vista a relación de facturas e abonos de facturas que se achega, correspondente a prestacións realizadas, que se presentan para a súa aprobación por importe total de **56.421,59 euros**.

Visto que se acredita a execución dos obras ou servizos, ou a recepción dos efectos, contando coa conformidade do alcalde ou concelleiro delegado competente, e no seu caso do persoal municipal responsable.

Considerando que as facturas constan debidamente rexistradas na contabilidade municipal, e que existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

Visto o establecido no artigo 185.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Visto o informe da intervención municipal de data 03/11/2022 no expte. 2022/T003/000043

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 03/11/2022, no expte. 2022/T003/000043, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP n.º 117 de 21/06/2019, n.º anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5) acorda:

Primeiro.- Aprobar as facturas que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2022/3403	22F 217	29/07/2022	2.586,96	CO	B15271042	PROTEL S.L.	INSTALACIÓN SISTEMA SEGURIDADE CENTO SOCIAL DE BÉRTOA
F/2022/3593	08/2022	22/08/2022	4.653,66	CO	52432341T	JOSÉ MANUEL SOUTO REY	OBRA: TRABALLOS REALIZADOS NO CAMPO DE FUTBOL O CARRAL DE SOFÁN
F/2022/3787	FV22 220435	31/08/2022	982,04	CO	B15526056	REGA MORALES S.L.	HIERRO ARMADO B-500SD EN PARRILLAS / ARMADURA / ALAMBRE ATAR Nº7 1,2MM C/CARGO / GERMAN VIÑA - PARQUE DA MILAGROSA
F/2022/3814	A. 3439	05/09/2022	125,00	CO	79311601B	BRION RAMA CARLOS	-5 comidas INSPECCION PRAIAS EMAS do 01-09-2022
F/2022/3880	22 1749	31/08/2022	22,00	CO	B15411432	JESUS PEDROUZO SL	VILAR BLANCO BRILLO 15X15-CAMPO DE FUTBOL DE RAZO
F/2022/3913	22 830	29/07/2022	544,46	CO	79312331M	URES VARELA JESUS MANUEL	FILTRO AIRE HUSQVARNA 545 / EMBRAGUE 545RX / TAMBOR DE EMBRAGUE / BUJIA PEQUEÑA MAQUINARIA / -----MANO DE OBRA-----
F/2022/3935	01343	31/07/2022	43,87	CO	B15489131	ALQUILERES RENEYMAR S.L.	ALQUILER BASE CAUCHO (16/06-16/07) (CONTRAPESOS PARA SOPORTES MUPIS DA PRAZA DO CONCELLO)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G007/000023

F/2022/3963	F222295 316	16/09/2022	38,05	CO	B70615711	FERRETERIA ARAN S.L.	MATERIAL PARA PRAIAS
F/2022/3997	3 326	14/09/2022	1.525,71	CO	B15345739	FUENTES LISTA SL	GRIFO BOLA INOX / CODO 90º M-H INOX / MACHO DOBLE INOX / MANGUERA / OVALILLO / REFUERZO / ROLLO CINTA CAMION PEGASO
F/2022/4007	1- 22015	20/09/2022	121,00	CO	79335376G	VAZQUEZ ABELENDA OSCAR	Adaptación e deseño de pegatinas en A4 para repartir en centros escolares para sinalar eventos e datas importantes Pégat
F/2022/4036	Emit-2108 23	22/09/2022	883,30	CO	B70406087	ROTULACIONES Y SERIGRAFIA DESSIN S.L.	CAMISETAS GRANATES SERIGRAFIADAS DO XIRIA POP
F/2022/4052	01/2022	15/09/2022	1.020,00	CO	32802956B	MOSTEIRO PEREIRA FERNANDO	REALIZACIÓN DE UNA JORNADA FORMATIVA DE REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR BÁSICA EN LA BASE DE P.CIVIL EL 14/09
F/2022/4053	Emit- 52022	26/09/2022	302,50	CO	G15050602	FUNDACION JUANA DE VEGA	COTA DE INSCRICIÓN "VILAS EN FLOR" ANO 2022
F/2022/4057	0023 22FR	26/09/2022	1.089,00	CO	G15039126	GRUPO NATURALISTA HABITAT	Actividades ambientais do Grupo Naturalista Habitat no marco do proxecto -Eu Quero Razo e Baldaio-
F/2022/4069	39/00D - 0001773	26/07/2022	28,93	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	AMBIENT.C/PULV.COLONIA 750CC.C12 / SACO BASU.ALBAL AUTOCI.100 LTC/14 / B.BASURA E.BASIC DOM.30LT.C/C.40U.C / B.BASU.E
F/2022/4076	- 22 136	27/09/2022	774,40	CO	B70195870	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS S.L.	Reparación pantalla exterior Mondo Smart System en Campo de Fútbol. Incluye: comprobación y detección de avería. Piezas
F/2022/4077	- 22 137	27/09/2022	121,00	CO	B70195870	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS S.L.	Suministro banderín córner-CAMPO DE FUTBOL SOFAN
F/2022/4104	Emit- 27	29/09/2022	121,00	CO	79310284M	JUAN FÉLIX GENDE DÍAZ	Deseño de camiseta Xiria Pop ACTIVIDADES MOCIDADE
F/2022/4107	FC223338	31/08/2022	5.120,12	CO	B70307624	HIERROS VARELA URBIETA S.L.	MATERIAL - CAMPO DA CHAVE
F/2022/4110	-A 3325	27/05/2022	181,82	CO	79311601B	BRION RAMA CARLOS	OITO COMIDAS PROBA SOCORRISTAS,CONCEPTO S.O.S. ()
F/2022/4134	A 2207491	30/09/2022	288,38	CO	B70047725	PRODUCTOS QUIMICOS BERGANTIÑO S S.L.	LEJIA SARM, PROLIN-S PINO (CEIP A CRISTINA)
F/2022/4135	A 2207492	30/09/2022	170,61	CO	B70047725	PRODUCTOS QUIMICOS BERGANTIÑO S S.L.	MATERIAL LIMPEZA - CRA PONTE DA PEDRA
F/2022/4161	1083	30/09/2022	45,53	CO	B70190368	FERRETERIA FERROLAR S.L.	CERRADURA SOBREPONER / ADHESIVO MONTAJE PROHERO 290 ML BLANCO / MANETA ALEACON - ESCOLA DE XOANE
F/2022/4163	1084	30/09/2022	214,57	CO	B70190368	FERRETERIA FERROLAR S.L.	RUEDA 2/0228 GOMA LLANTA MET. 140 KG / RUEDA 2/0227 125 GOMA LLANTA MET. 140 KG / TORNILLO DIN 7504 -K-P-18 6,3X025 ZINC
F/2022/4166	Emit- 20F0165	30/09/2022	1,60	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	LLAVE SERRETA BIBLIOTECA REGO DA Balsa Alb. 31/01/2022 ANA ASENSIO
F/2022/4174	Emit- 22F0174	30/09/2022	55,51	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	MATERIALES DE CERRAJERIA PAZO DA CULTURA
F/2022/4176	Emit- 22F0176	30/09/2022	11,62	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	MATERIALES CERRAJERIA- LOCAL SOCIAL BERTOIA
F/2022/4178	Emit- 22F0178	30/09/2022	6,39	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	LLAVES SERRETA CENTRO SOCIAL SISAMO
F/2022/4180	57889734	30/09/2022	130,51	CO	A78007473	LEASEPLAN SERVICIOS S.A.	Alquiler de vehículo/s con matrícula 0526LMM, con contrato 423771 para el periodo 2022-09-01 a 2022-09-08 (Model: RENAU
F/2022/4181	57889735	30/09/2022	1.017,21	CO	A78007473	LEASEPLAN SERVICIOS S.A.	Alquiler de vehículo/s con matrícula 0961KSX, con contrato 426470 para el periodo 2022-09-01 a 2022-09-30 (Model: TOYOT
F/2022/4185	1086	30/09/2022	31,07	CO	B70190368	FERRETERIA FERROLAR S.L.	MATERIAIS VARIOS - CAMPO DA CHAVE

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G007/000023

F/2022/4261	A 220350	30/09/2022	171,21	CO	B70314000	MOURELLE DECORACION, S.L.	GALVAPROA BLANCO 4L / PROADYX 9120 5L / DISOLVENTE UNIVERSAL MULTIUSOS 5L / PALETINA TRIPLE MEZCLA 24 / BROCHA PENSADA
F/2022/4286	ON 223813	06/10/2022	120,00	CO	Q2866023A	CONSEJO GENERAL C. OFICIALES DE S.I.T. DE ADMON LO	XI Curso Introducción al Procedimiento Administrativo Electrónico. Emma Pazos Sanchez+decreto autorizacion realización d
F/2022/4290	L22 966	30/09/2022	9,66	CO	B27011154	CASTRO PARGA S.L.	CINTA DOS CARAS REF. KB-BI2-10 50 MM X 10 MT - PAZO DA CULTURA, PAVILLÓN E PISCINAS
F/2022/4301	2022R 78	16/09/2022	3.953,22	CO	508451396	RIVERNAUT LDA.	ECL 2022/N.º279 de 01/08/2022 9:03:39 ORC 2022V/N.º747 de 28/07/2022 11:59:08 VALIAN DR 400 DESMONTAR Y MONTAR MISMO FL
F/2022/4306	2-2022	27/09/2022	2.300,00	CO	G70175401	ASOCIACION AMBIENTAL SENDA NOVA	Coordinación de accións dirixidas pola Asociación Ambiental Senda Nova dentro do proxecto ¿Eu quero Razo-Baldaio¿
F/2022/4307	A 0001788	07/10/2022	48,92	CO	32412829X	MOSQUERA DELGADO CARLOS A.	Derechos / Copias Autorizadas / Timbre Matriz y Autorizadas / Exceso de Caras
F/2022/4311	Factura 223 46	07/10/2022	423,50	CO	B70120472	BERCOM IMPRESION DIXITAL S.L.	Rotulación 9655 GJZ (Nissan Pathfinder Protección Civil Pedido: Javier Souto)
F/2022/4316	Factura 223 62	07/10/2022	532,40	CO	B70120472	BERCOM IMPRESION DIXITAL S.L.	Impresión digital a color 1 cara en papel de 300 grs. acabado encapsulado 125 m. tamaño A3 (Prohibido aparcar Protección
F/2022/4325	Emit- 220715	30/07/2022	116,01	CO	B15507130	NEUMATICOS ROGELIO S.L.	CUB.145/80-10 / S.I.G.NFU B (RD1619/2005 / C-7585-BC - BRIGADA OBRAS
F/2022/4326	Emit- 220982	30/09/2022	12,10	CO	B15507130	NEUMATICOS ROGELIO S.L.	PINCHAZO REMOLQUE BRIGADA OBRAS 4230DCZ
F/2022/4336	I22 001252	30/09/2022	393,25	CO	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	SEMANA MOBILIDADE; SEP-17, 18, 19, 20, 21; lavozdegalicia.es; Carballo; ROBA_1 DOBLE (300 X 600); impr;
F/2022/4343	09 0019	04/10/2022	1.887,60	CO	34266090T	GONZALEZ SOMOZA VALERIO	Asistencia técnica á Dirección de Obra para a REURBANIZACIÓN DA RÚA PONTEVEDRA (Resolución de nomeamento 2447/2021)
F/2022/4348	940 200790347	05/10/2022	470,06	CO	A28767671	RENTOKIL INICIAL ESPAÑA S.A.	Unidades Hixienicas Azules - PAZO DA CULTURA - RUA GARDENIAS S N - CARBALLO - LA CORUA - 15100 (PAZO DA CULTURA-RUA GAR
F/2022/4353	FVAR 22-100040	01/10/2022	71,94	CO	B33052309	CONTENEDORES Y SERVICIOS SANITARIOS SLU	Nº CONTRATO: 000000869 / PERIODO: 01/10/22 al 31/10/22 / CONCELLO DE CARBALLO / OFICINA CONTABLE: L01150196 / ORG
F/2022/4373	FC223765	30/09/2022	122,14	CO	B70307624	HIERROS VARELA URBIETA S.L.	TUBOS - NOVI, ARDAÑA
F/2022/4374	FC223763	30/09/2022	214,41	CO	B70307624	HIERROS VARELA URBIETA S.L.	TUBO CUAD, MALLA - CARRO SILLAS
F/2022/4377	405	31/08/2022	128,06	CO	32442817Y	MANEIRO CASTRO JORGE	MATERIAIS VARIOS - DEPORTES
F/2022/4381	477	30/09/2022	200,10	CO	32442817Y	MANEIRO CASTRO JORGE	MATERIAIS VARIOS - IMPORTES
F/2022/4384	02/2022	04/07/2022	500,00	CO	G15112212	CORAL DE BERGANTIÑO S	ORGANIZACIÓN XXIV MOSTRA HABANERAS DO DÍA 25 DE XUÑO DE 2022, INCLUIDA NO PROGRAMA DE FESTAS DO SAN XOÁN
F/2022/4385	01 8	23/08/2022	1.400,00	CO	G15960784	ASOC. CULTURAL E MEDIOAM. OS PICOS DO SOL	FESTA DA PRAIA. EU QUERO RAZO-BALDAIO . 20 AGOSTO 2.022 / ARTICULO 20. EXENCIONES . (REDACCION VIGENTE DESDE 22-04-08. A
F/2022/4387	RECT 344	15/09/2022	158,50	CO	B15442544	INSTALACIONES TASENDE, S.L.U.	ENLACE GEBO GALVANIZADO / TAPÓN MACHO LATÓN/ DESMONTAR RADIADOR, PICAR Y LOCALIZAR MONTANTES ... UDI AF
F/2022/4390	Factura 223 63	16/10/2022	459,56	CO	B70120472	BERCOM IMPRESION DIXITAL S.L.	Vinilo de corte Macal 9839-13 con precorte tamaño 40x60 cm. y colocación (Señalización provisional Pedido: Juan M. Seoa
F/2022/4392	6822/A/2022	29/09/2022	67,70	CO	B15934458	LINEA INFO-ECO S.L.	CARTUCHO HP C9387 Nº 88 MAGENTA 10ML OFICINA TECNICA

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G007/000023

F/2022/4393	F2022/29	10/10/2022	2.533,90	CO	G15629629	FONDO GALEGO DE COOPERACION E SOLIDARIDADE	COTA ORDINARIA DO FONDO GALEGO DE COOPERACION E SOLIDARIDADE DO ANO 2022
F/2022/4398	F222614 326	17/10/2022	40,97	CO	B70615711	FERRETERIA ARAN S.L.	MATERIAL PARA COLEXIOS ceip gandara sofán Y ESCOLA GONTADE
F/2022/4402	2022T04F 01	17/10/2022	3.720,75	CO	47366555X	SEIXO VAZQUEZ FIZ	Asistencia técnica na dirección das obras de ¿Reurbanización do entorno das rúas Baños Vellos e Ourense¿
F/2022/4409	Rect- 018	05/10/2022	4.543,83	CO	79330456Y	ROBERTO SOUTO GARCÍA	Dirección de Obra para Substitución de Cubierta y otras mejoras en el pabellón deportivo del CEIP Gándara Sofán
F/2022/4410	Emit- 45	07/10/2022	423,50	CO	G70448345	ASOCIACION PERIODISTICA , ESTUDIOS Y COMUNICACION	Campaña de comunicación do premio "Alas en tus pies". Gala 2022
F/2022/4412	A 2020	18/10/2022	845,35	CO	B70355201	LIBRERIA CAMPOS S.L.	LA ARTISTA DE HENNA / LA PEQUEÑA EVE / CIUDAD EN LLAMAS / MIL VERANOS CONTIGO / LA NUMERO 31 / EL BAZAR DE LA CEBRA CON
F/2022/4419	F- 20220686	18/10/2022	26,95	CO	B70137492	PINTURAS BRICOCAR S.L.	PRODUCTOS MIX PROCOLOR RAL 3020/750/SR (DEPORTES IES MONTENEME) / KIT POLIURETANO BRILLANTE TR 750 ML. (DEPORTES IES
F/2022/4420	22 1036	28/09/2022	293,11	CO	B15987399	BIOCONTROL Y CALIDAD ALIMENTARIA S.L.U.	Análisis Piscina (Análisis Piscina FECHA RECOGIDA: 19/09/22,01/09/22, 21/09/22 ALBARANES:2205831,2206204,2206760)
F/2022/4422	22 1099	18/10/2022	479,75	CO	79312331M	URES VARELA JESUS MANUEL	**BRIGADA FORESTAL** / = KAWASAKI TJ53 = / BUJIA RCJ7Y / LIMPIEZA FILTRO Y ENGRASE PALILLER / = KAWASAKI TH48 = / FILTRO
F/2022/4438	2022 23	11/10/2022	600,00	CO	B70460340	FLANCONORTE S.L.	Curso de Formación Básica en Prevención e Extinción de Incendios Forestais
F/2022/4450	FA2022TOP0059	19/10/2022	242,00	CO	79335905G	MARIA GONZALEZ POMBO	Levantamiento topográfico, superficie de aglomerado en aparcamientos urbanos: 1. Aparcamiento Rúa Xílgaro. 2. Aparcamien
F/2022/4458	JM22 1113	15/10/2022	23,30	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	SACO CEMENTO GRIS 25 KG / SACO CEMENTO GRIS 25 KG aceras feria de verdillo
F/2022/4468	Emit- 0220716	30/07/2022	20,57	CO	B15507130	NEUMATICOS ROGELIO S.L.	CAMARA B-13 / MONTAJE / C-2821-CD // CARRO P.CIVIL LANCHAS - RAZO
F/2022/4470	22-0987-51	24/10/2022	1.201,91	CO	B27865682	OPERA PRIMA MUSICA, SL	Clarinete en Si b YAMAHA YCL 450 llaves plateadas NS 21-319037 / Apagadores Remo 10/12/ 2x 14 / Maza Timbal Concert / Dj
F/2022/4476	B 34115	24/10/2022	39,10	CO	B70218409	BREOGAS S.L.	UD125 GAS BUTANO ESCOLA INFANTIL
F/2022/4480	DG/079	05/10/2022	72,60	CO	79330255N	FERNANDEZ CAMPOS OTILIO	FOTOS PRESENTACIÓN CURSO CONSERVATORIO 22/22
F/2022/4487	F222623 331	25/10/2022	11,56	CO	B70615711	FERRETERIA ARAN S.L.	MATERIAL PARA SERVICIOS SOCIALES
F/2022/4489	F222625 333	25/10/2022	11,01	CO	B70615711	FERRETERIA ARAN S.L.	MATERIAL PARA OBRAS Y SERVICIOS ALUMEADO PÚBLICO
F/2022/4496	2022.1. 38.	30/09/2022	3.579,18	CO	76365267T	ELISEO FRAGA ARIJÓN	DANOS CAUSADOS POR CHOIVAS TORRENCIAIS O DÍA 4 DE SETEMBRO 2022. LIMPEZA DE DERRIBOS, RESTOS, LODOS, SEDIMENTACIÓNS E PE
F/2022/4505	Factura 22378	25/10/2022	458,59	CO	B70120472	BERCOM IMPRESION DIXITAL S.L.	Carpeta Facenda - Seg. Social en papel de 240 grs. tamaño 32x45 cm. (Pedido: Luis González) / Carpeta Ingresos en pape
F/2022/4506	FE24 0024	26/10/2022	532,40	CO	47352063P	ALVARO QUEIJO PENA	CEIP BERGANTINOS. Fabricación e colocación dunha porta (fóra de medida) nun oco existente con pechadura e manilla. Lacad
F/2022/4507	FE22 0023	25/10/2022	496,10	CO	47352063P	ALVARO QUEIJO PENA	PROTECCIÓN CIVIL. Colocación dunha porta fóra de medida con pechadura con chave
F/2022/4520	2022- 79	24/10/2022	207,00	CO	B15855588	PAZO CULTURA S.L.	12/03/2022 CATERING ORQUESTA DE CUERDA- HOMENAJE VICTIMAS COVID.- TORTILLA, R. CHIPIRONES, SAND. MIXTOS, B. JAMON Y QUESO
			56.421,59				

Segundo.- Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes a cada gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e ordear o seu pago.

5.- GARANTÍAS.

5.1.- DEVOLUCIÓN AVAL Nº 47/15, DEPOSITADO PARA GARANTIZAR POSIBLES DESPERFECTOS NA REALIZACIÓN DA OBRA: CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE FONTECALDEIRA.

Vista a solicitude de D. MANUEL MENDEZ GONZALEZ., co NIF 32409948G, con rexistro de entrada nº 20220000005327, do 16/09/2022, para a devolución do aval bancario depositado para responder da realización da obra: CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LG DE FONTECALDEIRA (EXPT 48/2015 OMAIOR - 2019/U007/000001 LIC 1ª OCUP) por importe de 3.600,00 €, número de aval 47/15, operación CON320150000052.

Visto o informe técnico favorable da Enxeñeira Técnica do Concello de Carballo do 14 de outubro do 2022.

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 02/11/2022, e do **intervido e conforme** da interventora municipal da mesma data, contidos no expte. 2022/X002/000060, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Acceder ó solicitado por D. MANUEL MENDEZ GONZALEZ., co NIF 32409948G, con rexistro de entrada nº 20220000005327, do 16/09/2022, declarando extinguida a obriga garantizada, e proceder á cancelación e á devolución do aval bancario depositado para responder da realización da obra: CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LG DE FONTECALDEIRA (EXPT 48/2015 OMAIOR - 2019/U007/000001 LIC 1ª OCUP) por importe de 3.600,00 €, número de aval 47/15, operación CON320150000052.

5.2.- DEVOLUCIÓN FIANZA METÁLICO I320220000440, DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO PRIVADO DE NATUREZA MIXTA SERVICIOS E SUBMINISTRO: MUSEALIZACIÓN DO MUSEO DE BERGANTIÑOS DO CONCELLO DE CARBALLO, SUBSTITUCIÓN POR AVAL BANCARIO.

Vista a solicitude de EDWINDO 4 MORCARO SL, co CIF B06485866, con rexistro de entrada nº 202299900003097, do 22/07/2022, para a devolución da fianza en metálico depositada para responder do contrato privado de natureza mixta servizos e subministro: MUSEALIZACIÓN DO MUSEO DE BERGANTIÑOS DO CONCELLO DE CARBALLO (PRI 62/2021), por importe de 5.395,15 €, operación I320220000440 depositada o 28/03/2022.

Tendo en conta que, o 20/07/2022, a sociedade EDWINDO 4 MORCARO SL, co CIF B06485866, depositou o aval bancario nº 32/22 por importe de 5.395,15 € operación CON320220001555, para garantir o antedito contrato privado de natureza mixta servizos e subministro: MUSEALIZACIÓN DO MUSEO DE BERGANTIÑOS DO CONCELLO DE CARBALLO (PRI 62/2021)

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 02/11/2022, e do **intervido e conforme** da interventora municipal da mesma data, contidos no expte. 2022/X002/000063, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Acceder ó solicitado por EDWINDO 4 MORCARO SL, co CIF B06485866, con rexistro de entrada nº 202299900003097, do 22/07/2022, e realizar a devolución da fianza en metálico depositada para responder do contrato privado de natureza mixta servizos e subministro: MUSEALIZACIÓN DO MUSEO DE BERGANTIÑOS DO CONCELLO DE CARBALLO (PRI 62/2021), por importe de 5.395,15 €, operación I320220000440 depositada o 28/03/2022.

6.- RESERVA DE ESPAZO PÚBLICO.

6.1.- VAO PERMANENTE NA RÚA VÁZQUEZ DE PARGA NÚMERO 81. BAIXA

Foi vista a solicitude presentada pola interesada Dolores Fraile Ramos, con N.I.F. 32296591Z, rexistro de entrada número 20220000004488, de data 27/07/2022, para a tramitación da baixa do vao permanente con número de placa municipal 171. Licenza da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, outorgada por acordo adoptado en sesión celebrada pola Comisión de Goberno, en data 26/09/1994, de tres metros de lonxitude e sito no baixo número 81 da rúa Vázquez de Parga.

Consta no expediente o informe favorable do Xefe do Servizo de Xestión e inspección tributaria e catastral, emitido con data 26/10/2022.

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 27/10/2022, no expte. 2022/X999/000792, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Aprobar a baixa da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, con placa municipal número 171 de vao permanente, outorgado a DOLORES FRAILE RAMOS, con NIF 32296591Z, de tres metros de lonxitude e sito no número 81 da rúa Vázquez de Parga con efectos para o Padrón da vaos de 2023.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados e a Brigada municipal de obras para proceder à retirada da placa municipal de vao permanente número 171.

6.2.- VAO PERMANENTE NA AVENIDA DE RAZO NÚMERO 8. BAIXA

Foi vista a solicitude presentada polo interesado José Antonio Porteiro Suarez, con NIF 76366148F, en representación de Escayolas Porteiro S.L., con CIF B15512353, rexistro de entrada número 202200000005552, de data 27/09/2022, para a tramitación da baixa do vao permanente con número de placa municipal 431. Licenza da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, outorgada por acordo adoptado en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, en data 16/08/2004, de tres metros de lonxitude e sito no baixo número 8 da avenida de Razo.

Consta no expediente o informe favorable do Xefe do Servizo de Xestión e inspección tributaria e catastral, emitido con data 27/10/2022.

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 27/10/2022, no expte. 2022/X999/000961, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Aprobar a baixa da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, con placa municipal número 431 de vao permanente, outorgado a Escayolas Porteiro S.L., con CIF

B15512353, na súa representación, José Antonio Porteiro Suarez, con NIF 76366148F, de tres metros de lonxitude e sito no número 8 da avenida de Razo con efectos para o Padrón da vaos de 2023.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados e a Brigada municipal de obras para proceder à retirada da placa municipal de vao permanente número 431.

6.3.- VAO PERMANENTE NA RÚA RÍO ANLLÓNS NÚMERO 18. BAIXA

Foi vista a solicitude presentada pola interesada Paula María Pastoriza García, con NIF 32828876X, rexistro de entrada número 202299900004308, de data 14/10/2022, en representación de Manuel García Bouzas, con NIF 32257236N, para a tramitación da baixa do vao permanente con número de placa municipal 75. Licenza da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, outorgada por acordo adoptado en sesión celebrada pola Comisión de Goberno, en data 14/05/1990, de dous metros de lonxitude e sito no baixo número 18 da rúa Río Anllóns.

Consta no expediente o informe favorable do Xefe do Servizo de Xestión e inspección tributaria e catastral, emitido con data 27/10/2022.

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 28/10/2022, no expte. 2022/X999/001013, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Aprobar a baixa da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, con placa municipal número 75 de vao permanente, outorgado a Manuel García Bouzas, con NIF 32257236N, de dous metros de lonxitude e sito no número 18 da rúa Río Anllóns, con efectos para o Padrón da vaos de 2023.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados e a Brigada municipal de obras para proceder à retirada da placa municipal de vao permanente número 75.

6.4.- VAO PERMANENTE NA RÚA MANUEL MARÍA (AVDA FISTERRA 2, SEMISOTO). AUTORIZACIÓN

EXPEDIENTE: 2022/V008/000020
INTERESADO: Jesús Barca Costa
REXISTRO: 202290000006133 de data 14/10/2022
ASUNTO: Vao permanente
SITUACIÓN: Rúa Manuel María (Avenida Fisterra, 2, semisoto).
REF. CATASTRAL: 4943507NH2854S0001SF

Antecedentes e obxecto.-

O interesado solicitou, con data 14/02/2022, e núm. rexistro de entrada no concello 202290000006133, autorización para a colocación dun vao permanente de 3 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe sito na Avda. Finisterre, 2, semisoto, con acceso pola rúa Manuel María.

A solicitude refírese a un garaxe na planta semisoto do edificio indicado. Por resolución da alcaldía do 25/02/2022 tomouse coñecemento da comunicación previa das obras de acondicionamento do local

para destinalo a garaxe de 7 prazas (Expte. 2022/U026/000051), e con data 14/10/2022 comunicou o remate das obras, achegando a seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro
- Reportaxe fotográfica
- Certificado da instalación eléctrica dirixido á Dirección Xeral de Enerxía e Minas o 07/09/2022
- Certificado da instalación dos elementos de protección contra incendios

Fundamentación.-

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016, mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data. Segundo esta normativa, a edificación á que dará servizo o vao está en solo clasificado como urbano-residencial intensiva.

O Pleno da Corporación do Concello de Carballo, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018. Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, sendo publicada no BOP da Coruña nº 48 de 11 de marzo de 2019.

No título III desta ordenanza (art. 78 e ss.) régulase a autorización dos vaos. Neste expediente trátase dun garaxe correspondente cos descritos como permanentes no artigo 82 da ordenanza. Encádrase no apartado a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 m².

A enxeñeira municipal e o vixiante inspector de obras xiraron visita de comprobación con data 21/10/2022 na que se observou que as obras de acondicionamento están rematadas conforme á documentación presentada coa comunicación de obras.

Polo anteriormente exposto e visto o informe favorable da enxeñeira municipal de data 21/10/2022, vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 02/11/2022, no expte. 2022/V008/000020, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

AUTORIZAR O VAO PERMANENTE de 3 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe a planta semisoto do edificio situado na Avda. Finisterre, 2, semisoto, con acceso pola rúa Manuel María de Carballo (referencia catastral 4943507NH2854S0001SF).

7.- LICENZAS DE OBRA.

7.1.- REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A VIVENDA TURÍSTICA NO LUGAR DE A CHAMUSQUEIRA. EXPTE: 2022/U022/000035.

EXPEDIENTE: 2022/U022/000035.
SOLICITANTE: María Carmen Suárez García
ASUNTO: Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar destinada a vivenda turística

SITUACIÓN: lugar A Chamusqueira
DATA: 09.02.2021 (registro de entrada 20219990000707)
REF. CATASTRAL: 000800500NH29B0001JB
REDACTOR PROX: Miguel Angel Abad Blanco (arquitecto)
DIRECTOR OBRA: Miguel Angel Abad Blanco
DIRECTOR EXECUCIÓN: Andrés Breijó Cotelo (arquitecto técnico)
COORDINADOR S.S.: Francisco Jesús Cobas Fernández
PEM: 107.684,72 s/ ordenanza fiscal núm. 4 (96.750,00 € s/ proxecto técnico presentado)

I.- Antecedentes.

1.- Solicitud de licenza para a rehabilitación integral e ampliación dunha vivenda situada en A Chamusqueira para destinala a vivenda turística presentada con data 02/05/2022 (registro de entrada 202299900001779) con autorización para a descarga do COAG o expediente con número de visado 2202470 (traballos 2, 3, e 4 - proxecto básico e de execución, nomeamento de arquitecto director de obra e folia de estatística de edificación e vivenda) e acompañada de Copia da solicitude de informe previo relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura e servizos para apartamentos e vivendas turísticas.

2.- Solicitud para completar documentación presentada con data 03/06/2022 (registro de entrada 20229990002277) acompañada de:

- *Informe previo de vivenda turística no lugar de Chamusqueira do 02.06.2022*
- *Nomeamento de director de execución material*
- *Nomeamento de arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde.*

3.- Solicitudes para completar documentación presentada o 13/06/2022 (registro de entrada 202299900002418 e 2430) acompañadas de:

- *Copia do título de propiedade*
- *Compromiso de cesión de terreos situados fora da aliñación*
- *Nomeamento de director de obra*
- *Folia de estatística de edificación e vivenda*
- *Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde*
- *Nomeamento de director de execución material*

4.- Requirimento de documentación do 16/09/2022 (registro de saída 20220000005971)

5.- Solicitudes para completar documentación presentada o 29/09/2022 (registro de entrada 202299900004064) acompañadas de:

- .- *Documentación técnica asinada polo arquitecto redactor do proxecto relativa ás conexións coas redes de servizo existentes.*
- .- *Comunicación previa de actividade*

II.- Fundamentos de dereito.

II.-1.- Obxecto.

A solicitude de licenza refírese ás obras de rehabilitación integral e ampliación dunha vivenda existente para destinala a vivenda turística, que segundo Catastro data do ano 1900.

No estado actual trátase dunha vivenda de planta baixa e alta, de tipoloxía tradicional, con muros de carga en mampostería de pedra e cuberta a dúas augas. Ten unha superficie construída de 55,85 m² por planta. Conta cunha estanza en planta baixa e unha cuadra, e na planta alta dous dormitorios e un baño.

Trátase dunha rehabilitación integral da vivenda e ampliación para destinala a vivenda turística. O proxecto contempla o valeirado interior, unha soleira ventilada en planta baixa, novo forxado de formigón armado e cuberta e tamén unha nova distribución interior, instalacións e acabados.

Logo da reforma a vivenda turística queda configurada en planta baixa cun salón -comedor -cociña, un baño e unha zona de estar denominada galería. En planta alta tres dormitorios, un estudio e un baño e tamen se proxecta unha nova planta baixo-cuberta cun uso de trasteiro.

Segundo informe achegado da Axencia de Turismo de Galicia a vivenda turística proxectada ten unha capacidade para 9 persoas.

A superficie construída da edificación é a seguinte:

- planta baixa 74,90 m²
- planta alta 78,50 m²
- baixo cuberta 22,10 m²
- superficie construída total 175,50 m²
- altura ao beirado 6,57 m.

A parcela ten unha superficie bruta segundo o proxecto técnico e a información catastral de 4.519,00; é de forma irregular e linda con vial de titularidade municipal que rodea a parcela polos ventos este, sur e oeste.

Proxectase a conexión da edificación á rede de saneamento, e respecto do abastecemento de auga, non existe rede municipal e proxéctase o subministro a través dun pozo situado na propia parcela.

II.-2.- Clasificación e réxime urbanístico.

1.- O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxectan as obras está en solo clasificado en parte como solo de núcleo rural, e en parte como solo rústico. A vivenda está situada dentro da parte clasificada como solo de núcleo rural, e ten unha zona dentro da delimitación de núcleo rural histórico tradicional (ordenanza 1) e parte dentro da delimitación de núcleo rural común (ordenanza 2).

O réxime urbanístico de aplicación é o recollido no planeamento vixente para o solo de núcleo rural, conforme ao previsto na disposición transitoria primeira, apartado 1.c), da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

O PXOM vixente é un planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece no apartado 1.c) que: *ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

As principais condicións urbanísticas establecidas na ordenanza do PXOM son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada.
- Uso principal: residencial en vivenda familiar.
- Parcela mínima edificable: 500 m², admítense edificación sobre parcela existente de menor superficie.
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 10 metros, admítense frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes

- Ocupación máxima de parcela: 40% sobre parcela neta
- Edificabilidade: 0,50 m²/m²
- Aliñacións: as indicadas nos planos.
- Recuamentos a lindeiros con outras parcelas: 3,00 metros. Permítese o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa.
- Número máximo de plantas: B+1 - 7 metros ao beirado.

A parcela ten unha parte situada fora das aliñacións establecidas no PXOM que constitúen terreos de cesión obrigatoria para a regularización do viario. A superficie da parcela situada fora da aliñación é de 246,35 m² e consta no expediente un documento asinado polo propietario, promotor das obras de cesión destes terreos.

A parte clasificada como solo de núcleo rural tradicional ten unha superficie neta de 238,90 m² e a parte da parcela neta clasificada como solo de núcleo rural común ten unha superficie neta de 2.258,15.

2.- A arquitecta municipal, no seu informe de data 17/10/2022 indica que as obras descritas consisten na rehabilitación e ampliación da vivenda existente, e que se proxecta un aumento da altura e do volume da vivenda; non obstante, ao demoler os anexos existentes, a superficie construída sobre a parcela é inferior á existente.

Logo da reforma, non se supera nin a edificabilidade nin ocupación do conxunto de edificacións, e respéctanse os recuados e altura máxima. Con respecto ás condicións estéticas en solo de núcleo rural histórico tradicional, a vivenda proxéctase con acabado enfoscado e pintado en cor branca e a cuberta a dúas augas acabada en tella cerámica. Trátase polo tanto de obras permitidas pola normativa urbanística.

A arquitecta indica tamén no seu informe que no proxecto se xustifica o cumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, salubridade e habitabilidade.

Respecto da urbanización do fronte da parcela, segundo se establece no artigo 36 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o promotor ten a obriga de executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo e dispoñer de acceso rodado de uso público.

Deberá pavimentar o fronte da parcela con características similares ás do vial xa existente e executar a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas proximidades. Para estes efectos o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da citada Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal O artigo 143.1, do mesma lei, establece que as licenza outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no

registro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1661 de data 17/06/2019 (BOP 21/06/2019) sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 02/11/2022, no expte. 2022/U022/000035, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- ACEPTAR A CESIÓN DO TERREO situado fóra das aliñacións establecidas no PXOM que se corresponde cunha superficie de 246,35 m², quedando unha superficie neta de parcela en solo de núcleo rural histórico tradicional de 238,90 m² e de 2,258,15 en solo de núcleo rural común, en cumprimento do deber de cesión obrigatoria e gratuíta que establece o artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para destinar á regularización do viario público. Coa licenza entenderase autorizada a segregación do terreo obxecto de cesión, que deberá formalizarse en escritura pública e presentar unha copia da mesma no Concello de Carballo, no prazo de 6 meses.

Segundo.-CONCEDER A LICENZA para as obras de rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar destinada a vivenda turística (9 plazas), situada no lugar de A Chamusqueira, de Carballo, segundo o proxecto básico presentado e resto de documentación que consta no expediente e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONEXION COAS REDES EXISTENTES.

O promotor deberá executar á súa costa a conexión coas redes e servizos existentes no núcleo ou nas súas proximidades. As obras de acometida, urbanización e edificación poderán executarse de forma simultánea. Deberase pavimentar o fronte da parcela con características similares ao vial existente.

3.- POZO DE ABASTECIMENTO

Deberase presentar a autorización para usos privativos de augas de Augas de Galicia correspondente ao pozo que se proxecta.

4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Unha vez rematada a edificación deberase proceder a solicitar a licenza de primeira ocupación da mesma, debendo presentar no Concello a documentación precisa para o trámite (certificado final de dirección de obra, fotografías da vivenda,...). A licenza de primeira ocupación require da previa visita de comprobación das obras polos técnicos municipais e regulase polo disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigos 142.2.g e 143.4) e nos preceptos concordantes do

regulamento que a desenvolve (aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro) con particular referencia aos artigos 351 a 355(Ap.3) e -no que non se contradiga co anterior- polo disposto na ordenanza municipal publicada no BOP nº 128 de 06/06/2002.

4.- INICIO DA ACTIVIDADE:

Unha vez rematadas as obras, de forma simultánea ou posterior á solicitude de licenza de primeira ocupación, e antes de ser ocupada a construción, presentará comunicación previa para o inicio da actividade segundo o previsto no artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, achegando a seguinte documentación:

- Declaración responsable de inicio da actividade dirixida á consellería competente en materia de turismo, manifestando o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa turística e o compromiso de mantelos durante o tempo de vixencia da actividade.
- Certificación das instalacións (electricidade, protección contra incendios, ...)
- Xustificante do pago de tributos correspondentes á actividade
- Declaración do titular da actividade de que en ningún momento se sobrepararán os 75 dB sendo o previsto no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Contará cun itinerario accesible que permita o acceso á vivenda turística.

7.2.- CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE IMENDE, PARROQUIA DE NOICELA. EXPTE: 2022/U022/000052

EXPEDIENTE: 2022/U022/000052
SOLICITANTE: Carmen Victoria Barca Calvo
ASUNTO: Construción de vivenda unifamiliar (proxecto básico)
SITUACIÓN: Lugar de Imende, parroquia de Noicela, en Carballo
REX. ENTRADA: 202299900002700 de data 29/06/2022
REF. CATASTRAL: 15019A19300238000JJ
REDACTOR PROX: Beatriz Abel Pazos (arquitecta)
DIRECTOR OBRA: Non presenta nomeamento
DIRECTOR EXEC: Non presenta nomeamento
COORDINADOR S.S: Non presenta nomeamento
PEM: 44.128,66 € s/ ordenanza fiscal núm. 4 (75.406,31 € s/ proxecto técnico presentado)

I.- Antecedentes.

1.- Solicitude de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar presentada con data 29/06/2022 (registro de entrada 202299900002700) acompañada de Proxecto básico asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos sen visado colexial E Folla de estatística de edificación e vivenda

2.- Requirimento de documentación do 08/08/2022 (registro de saída 20220000005117)

3.- Solicitude para completar documentación presentada con data 22/08/2022, e rexistrada de entrada no concello 202299900003470, acompañada de:

- Documento acreditativo da titularidade da parcela
- Plano de situación da parcela asinado pola arquitecta redactora do proxecto
- Documentación técnica asinada pola arquitecta redactora do proxecto
- Compromiso de conexión coas redes de servizo existentes no núcleo

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

A solicitude de licenza refírese á construción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa, nunha parcela situada no lugar de Imende, na parroquia de Noicela, en Carballo.

Trátase dunha vivenda de tipo modular que se pretende instalar na parcela, previa construción dunha base de cimentación.

A vivenda en planta baixa conta con salón-comedor -cociña, un dormitorio, un baño e un cuarto lavadoiro e trasteiro.

As superficies son as seguintes:

- Superficie construída da vivenda 64,29 m²
- Superficie ocupación en planta 64,29 m²
- Altura da edificación 3,34 metros

Ademais da vivenda, proxéctase a construción dunha piscina descuberta.

A vivenda sitúase sobre unha parcela de forma irregular que ten unha superficie, segundo o título de propiedade e a información catastral de 651 m² e linda con dous viais de titularidade pública polo vento norte e polo vento oeste.

Segundo a documentación técnica a parcela conta con rede de saneamento municipal e de abastecemento de auga e enerxía eléctrica.

Sobre a parcela existe na actualidade unha construción de planta baixa pegada ao lindeiro polo vento oeste. Segundo o proxecto presentado ten unha superficie de 18,40 m² e un uso de edificación complementaria á vivenda, tipo almacén doméstico e para resguardo de animais. Non ten uso residencial; no proxecto tamén se indica que a construción ten unha antigüidade superior a 6 anos e aparece grafada nos planos da cartografía do PXOM vixente.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxecta a construción está en solo clasificado como **solo de núcleo rural**, (ordenanza 2, vivenda familiar en núcleo rural común).

O réxime urbanístico de aplicación é o recollido no planeamento vixente para o núcleo rural, conforme ao previsto na disposición transitoria primeira, apartado 1.c), da Lei 2/2016, do solo de Galicia: *ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

As principais condicións urbanísticas de aplicación son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada.
- Uso principal: residencial en vivenda familiar.
- Parcela mínima edificable: 1.000 m², admítese edificación sobre parcela existente de menor superficie.
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 10 metros, admítese frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes
- Ocupación máxima de parcela: 40% sobre parcela neta (**260,40 m²**)
- Edificabilidade: 0,40 m²/m² (**260,40 m²**)

- Aliñacións: as indicadas nos planos.
- Recuamentos a lindeiros: 3,00 metros. Permítese o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa.
- Número máximo de plantas: B+1 - 7 metros ao beirado.

A parcela está situada dentro da aliñación establecida no plano de ordenación do PXOM polo que non hai terreos de cesión para a regularización do viario.

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado o 14/10/2022, indicando que a vivenda proxectada cumpre con as condicións urbanísticas, non superando nin a ocupación nin a edificabilidade máxima tendo en conta a construción existente na parcela. A vivenda ten unha altura inferior a 7 metros e respecta a distancia mínima de 3 metros de recuado ás parcelas colindantes.

A arquitecta indica tamén no seu informe que no proxecto xustificase o cumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, salubridade e habitabilidade.

Respecto da urbanización do fronte da parcela, segundo se establece no artigo 36 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o promotor ten a obriga de executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo e dispoñer de acceso rodado de uso público.

Deberá pavimentar o fronte da parcela con características similares ás do vial xa existente e executar a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas proximidades. Para estes efectos o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao disposto no artigo 142.2 da Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal, e o artigo 143.1 establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1661 de data 17/06/2019 (BOP 21/06/2019) de delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 02/11/2022, no expte. 2022/U022/000052, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117

de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

CONCEDER A LICENZA DE OBRAS para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Imende, na parroquia de Noicela, de Carballo, segundo o proxecto presentado e o resto de documentación achegada, e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONEXION COAS REDES EXISTENTES.

O promotor deberá executar á súa costa a conexión coas redes e servizos existentes no núcleo ou nas súas proximidades. As obras de acometida, urbanización e edificación poderán executarse de forma simultánea. Deberase rasantear e pavimentar o fronte da parcela con características similares ao vial existente.

3.- MOVEMENTO DE TERRAS E RECHEOS

En aplicación do artigo 327 do PXOM, en solo de núcleo rural prohibese a modificación da topografía natural do terreo, en especial a pendente natural do mesmo de forma que o movemento de terras sexa o mínimo necesario para a correcta execución do volume edificado. Neste senso prohibense os movementos de terras e recheos na parcela non contemplados no proxecto técnico presentado

4.-. PROXECTO DE EXECUCIÓN O proxecto básico non é documento suficiente para realizar as obras. Senón que deberase completar e desenvolver mediante o preceptivo proxecto de execución, asinado por arquitecto e visado no correspondente colexio profesional. Ademais do proxecto de execución deberase aportar estudo de seguridade e saúde, o estudo xeotécnico, e os nomeamentos de tódolos técnicos que interveñan na dirección facultativa. Esta documentación deberase presentar no prazo máximo de 2 meses a contar dende a notificación da concesión da licenza, adaptándose ao proxecto básico. En todo caso non se poderán iniciar as obras sen que se informe favorablemente polos servizos municipais

5.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Unha vez rematada a edificación deberase solicitar a licenza de primeira ocupación da mesma, debendo presentar no Concello a documentación precisa para o trámite (certificado final de dirección de obra, fotografías da vivenda,...). A licenza de primeira ocupación require da previa visita de comprobación das obras polos técnicos municipais e regulase polo disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigos 142.2.g e 143.4) e nos preceptos concordantes do regulamento que a desenvolve (aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro), con particular referencia aos artigos 351 a 355(Ap.3), e -no que non se contradiga co anterior- polo disposto na ordenanza municipal publicada no BOP nº 128 de 06/06/2002.

7.3.- INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO LUGAR DE GONTADE, PARROQUIA DE ARDAÑA (POLÍGONO 55, PARCELA 165). EXPTE: 2022/U022/000074

EXPEDIENTE:	2022/U022/000074
SOLICITANTE:	UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.
REX. ENTRADA:	202299900003681 de 07/09/2022
ASUNTO:	Realización de instalación eléctrica
SITUACIÓN:	Lg. Gontade, parroquia de Ardaña (Polígono 55, Parcela 165).
TÉCNICO:	Rubén Fervenza Nicolás (Graduado enxeñería eléctrica).

PRESUPOSTO: 15.341,93 €
REF. PETICIONARIO: 618221039012
REFERENCIA CATASTRAL: 15019A055001650000IG

I.- Antecedentes.

.- Unión Fenosa Distribución, S.A. presentou, con data 07/09/2022 e número de rexistro de entrada no concello 202299900003681, solicitude de licenza de obras para o que achega memoria técnica para "Instalación de Telecontrol en LMTA CBL708B apoxo A02210DR//C0-22-1-Carballo".

.- A entidade interesada tamén solicita resolución de Augas de Galicia de data 05/07/2022 pola que se autorizan as obras para instalación de reconectador telecontrolado na zona de policía dun regato sen denominación, con cruce do condutor sobre este, no lugar de Gontade, parroquia de Ardaña, concello de Carballo. (Clave: DH.W15.84535).

II.- Fundamentación.

II.1.- Obxecto.

O obxecto da solicitude é a de realizar melloras na calidade de subministración dos clientes alimentados pola rede de distribución en media tensión (LMT) existente denominada CBL708B CALVO UNEMSA 8, redactou o proxecto de construción das seguintes instalacións:

LIÑAS ELÉCTRICAS AÉREAS ATA 20KV

Proxéctase instalación dun reconectador telecontrolado no apoio con matrícula A02210DR//C0-22-1 da LMTA CBL708B. Para iso, substituirase o apoio de formigón existente 22-1 por un novo apoio tipo celosía C-2000-16, retensándose os condutores dos vanos adxacentes, LA-30.

A razón da instalación do reconectador telecontrolado, desmóntase os cortocircuitos fusibles de expulsión XS do apoio A02AQJVC//C0-22.

A LMT na que se realiza esta actuación é a CBL708B, no tramo con código de Acta de Posta en Servizo: 27372 e data 04/04/1977.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento vixente no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado pola Orde da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 04/02/2016 (BOP 26/02/2016 e DOG da mesma data).

Segundo este planeamento a parcela onde se proxectan as obras está situada en **solo rústico de protección de augas e de protección agropecuaria**.

A Lei 2/2016, do solo de Galicia establece o seguinte:

Respecto ao solo Rústico, segundo o disposto no artigo 35 relativo a *Usos e actividades en solo rústico*, a actuación que se pretende realizar constitúe un uso construtivo englobado no apartado 1 m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

O artigo 36, refírese ao Réxime de usos 2., e por tratarse de solo rústico de especial protección agropecuaria será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente, con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Non obstante, segundo consta no artigo 51. Réxime de usos do Decreto 143/2016, do 22 de setembro (DOG 213 de 9/11/2016), polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo

de Galicia non será preceptiva a emisión da autorización ou informe favorable a que se refire este número no caso de obras menores definidas no anexo I deste regulamento, agás norma sectorial que o esixa expresamente.

Neste caso, consonte o informe técnico, as actuacións consisten na substitución dun apoio de media tensión por outro, na mesma posición. A este respecto, a consellería considera que para este tipo de actuación non é necesaria a autorización administrativa previa ao considerala como MNS - Modificación non substancial

As actuacións pretendidas atópanse no ámbito de aplicación da INSTRUCCIÓN 2/2020, de 26 de agosto de 2020, da Dirección xeneral de Enerxía e Minas, sobre a tramitación administrativa de modificacións de instalacións eléctricas de alta tensión de transporte, distribución ou instalacións de conexión de xeradores.

4	1. LAT Aérea	12. Existente	1.2.3	Adecuación, cambio o recocado de apoyos	MNS/NM	MNS: Si hay cambio de tipología constructiva de los apoyos
---	--------------	---------------	-------	---	--------	--

O

enxeñeiro municipal estima que se trata dunha MNS (Modificación non substancial), polo que non resultaría necesaria a autorización administrativa previa.

Consta no expediente informe favorable do enxeñeiro municipal de data 17/10/2022.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes, así, o artigo 142.4 da citada lei dispón que "As empresas subministradoras de enerxía eléctrica, augas, gas e telecomunicacións esixirán para a realización das obras de acometida conexión coas redes de servizos ou, de ser o caso, para a contratación dos respectivos servizos, o título habilitante de natureza urbanística que resulte preciso".

Considéranse as obras como suxeitas a licenza polas características e a entidade das mesmas que afectan ao viario público (subsolo) e á rede de media tensión eléctrica.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

Cúmprese o requisito de prelación de licenzas e outros títulos de administrativos que establece o artigo 144.4 ao dispoñer das autorizacións sectoriais previas, en concreto a autorización de Augas de Galicia

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1661/2019 de data 17/06/2019, sobre delegación de competencias.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 02/11/2022, no expte. 2022/U022/000074, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

CONCEDER a licenza para as obras de mellora dunha liña de media tensión no Lg. Gontade, na parroquia de Ardaña, de Carballo, segundo o proxecto presentado e resto de documentación achegada, e coas seguintes condicións indicadas no informe técnico municipal:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- Antes de comezar as obras deberase:

- Comunicar a data de comezo das obras á Oficina Técnica Municipal e á Policía Local cun mínimo de 48 horas de antelación.
- Requirir ó Enxeñeiro Municipal no momento do replanteo das Obras.

2.- Observaranse as condicións particulares recollidas nas resolucións de autorización das obras por Augas de Galicia na súa resolución.

3.- Aínda que non existen reposicións unha vez rematadas as obras, a zona dos traballos deberá quedar en perfectas condicións de ornato e limpeza.

4.- Fíxanse os Prazos Máximos para a execución das obras en 6 meses, a contar desde a notificación.

5.- As obras estarán sometidas ás facultades de inspección municipal durante a súa execución.

6.- Por razóns de execución ou ampliación de obras viarias ou por outras razóns xustificadas de interese público, este Concello poderá modificar a autorización concedida en tramos concretos o proxecto presentado e a empresa quedará obrigada a facer as modificacións necesarias nos tramos afectados da rede instalada ao seu cargo e sen dereito a indemnización.

7.4.- INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO LUGAR DE REQUEIXO, PARROQUIA DE BÉRTOA. EXPTE: 2022/U022/000080

EXPEDIENTE: 2022/U022/000080
SOLICITANTE: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.
REX. ENTRADA: 202299900004107 de 03/10/2022
ASUNTO: Realización de instalación eléctrica
SITUACIÓN: Lg. Requeixo, Bértoa
TÉCNICO: Rubén Ferverza Nicolás (Graduado enxeñería eléctrica).
PRESUPUESTO: 15.916,50 €
REF. PETICIONARIO: 618221089005
REFERENCIA CATASTRAL: 15019A242002830000EM

I.- Antecedentes.

Unión Fenosa Distribución, S.A. presentou, con data 03/10/2022 e número de rexistro de entrada no concello 202299900004107, solicitude de licenza de obras para o que achega memoria técnica para "Instalación de Telecontrol en LMT BRT706 apoxyo A2B3HC6N/55-B-2-Carballo".

II.- Fundamentación.

II.1.- Obxecto.

O obxecto da solicitude é a de realizar melloras na calidade de subministración dos clientes

alimentados pola rede de distribución en media tensión (LMT) existente denominada BRT706 (LARACHA 6), redactou o proxecto de construción das seguintes instalacións:

LIÑAS ELÉCTRICAS AÉREAS ATA 20KV

Proxéctase a instalación dun reconectador no apoio con matrícula A1B3HC6N//55-B-2 da LMTA BRT706. Para iso, substitúese o apoio de formigón existente de tipo HV-400/14, proxectándose un novo de tipo celosía C-1000/16 e retensándose os condutores dos vanos adxacentes LA-30.

Ademais desmontaranse os seccionadores cortacircuitos SXS existentes con matrícula 15HGN8 situados no apoio anterior con matrícula A1AFRHKB//55-B-1.

A LMT na que se realiza esta actuación é a BRT706, no tramo con código de expediente de proxecto de industria: 31240 e data 14/07/1977.

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento vixente no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado pola Orde da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 04/02/2016 (BOP 26/02/2016 e DOG da mesma data).

Segundo este planeamento a parcela onde se proxectan as obras está situada en **solo rústico de protección agropecuaria**.

A Lei 2/2016, do solo de Galicia establece o seguinte:

Respecto ao solo Rústico, segundo o disposto no artigo 35 relativo a *Usos e actividades en solo rústico*, a actuación que se pretende realizar constitúe un uso construtivo englobado no apartado 1 m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

O artigo 36, refírese ao Réxime de usos 2., e por tratarse de solo rústico de especial protección agropecuaria será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente, con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Non obstante, segundo consta no artigo 51. Réxime de usos do Decreto 143/2016, do 22 de setembro (DOG 213 de 9/11/2016), polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia non será preceptiva a emisión da autorización ou informe favorable a que se refire este número no caso de obras menores definidas no anexo I deste regulamento, agás norma sectorial que o esixa expresamente.

Neste caso, consonte o informe técnico, as actuacións consisten na substitución dun apoio de media tensión por outro, na mesma posición. A este respecto, a consellería considera que para este tipo de actuación non é necesaria a autorización administrativa previa ao considerala como MNS - Modificación non substancial

As actuacións pretendidas atópanse no ámbito de aplicación da INSTRUCCIÓN 2/2020, de 26 de agosto de 2020, da Dirección xeneral de Enerxía e Minas, sobre a tramitación administrativa de modificacións de instalacións eléctricas de alta tensión de transporte, distribución ou instalacións de conexión de xeradores.

4	1. LAT Aérea	12. Existente	1.2.3	Adecuación, cambio o recrecido de apoyos	MNS/NM	MNS: Si hay cambio de tipología constructiva de los apoyos
---	--------------	---------------	-------	--	--------	--

O

enxeñeiro municipal estima que se trata dunha MNS (Modificación non substancial), polo que non resultaría necesaria a autorización administrativa previa.

Consta no expediente informe favorable do enxeñeiro municipal de data 18/10/2022.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes, así, o artigo 142.4 da citada lei dispón que “As empresas subministradoras de enerxía eléctrica, augas, gas e telecomunicacións esixirán para a realización das obras de acometida conexión coas redes de servizos ou, de ser o caso, para a contratación dos respectivos servizos, o título habilitante de natureza urbanística que resulte preciso”.

Considéranse as obras como suxeitas a licenza polas características e a entidade das mesmas que afectan ao viario público (subsolo) e á rede de media tensión eléctrica.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

Cúmprese o requisito de prelación de licenzas e outros títulos de administrativos que establece o artigo 144.4 ao dispoñer das autorizacións sectoriais previas, en concreto a autorización de Augas de Galicia

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1661/2019 de data 17/06/2019, sobre delegación de competencias.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, E vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 02/11/2022, no expte. 2022/U022/000080, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

CONCEDER a licenza para as obras de mellora dunha liña de media tensión no Lg. Requeixo, na parroquia de Bértoa, de Carballo, segundo o proxecto presentado e resto de documentación achegada, e coas seguintes condicións indicadas no informe técnico municipal:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- Antes de comezar as obras deberase:

- Comunicar a data de comezo das obras á Oficina Técnica Municipal e á Policía Local cun mínimo de 48 horas de antelación.
- Requerir ó Enxeñeiro Municipal no momento do replanteo das Obras.

2.- Aínda que non existen reposicións unha vez rematadas as obras, a zona dos traballos deberá quedar en perfectas condicións de ornato e limpeza.

3.- Fíxanse os Prazos Máximos para a execución das obras en 6 meses, a contar desde a notificación.

4.- As obras estarán sometidas ás facultades de inspección municipal durante a súa execución.

5.- Por razóns de execución ou ampliación de obras viarias ou por outras razóns xustificadas de interese público, este Concello poderá modificar a autorización concedida en tramos concretos o proxecto presentado e a empresa quedará obrigada a facer as modificacións necesarias nos tramos afectados da rede instalada ao seu cargo e sen dereito a indemnización.

7.5.- SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DÚAS EDIFICACIÓNS DESTINADAS A ALMACÉN NO LUGAR DE XOANE DA ESTRADA, 120-122, PARROQUIA DE GOIÁNS. EXPTE: 2022/U022/000040

EXPEDIENTE: 2022/U022/000040.
SOLICITANTE: María Dolores España Reyes e José Javier Casas Gomez
ASUNTO: Substitución de cuberta para dúas edificacións
SITUACIÓN: lugar Xoane da Estrada, Goians.
REF. CATASTRAL: 3264915NH2836S0000YH e 3264911NH2836S0001JJ
REDACTOR PROX: Manuel Nión Suárez (enxeñeiro técnico agrícola)
DIRECCION OBRA: Manuel Nión Suárez
COORD. S. SAUDE: Manuel Nión Suárez
PEM: 24.735,50 € s/ proxecto técnico presentado

I.- Antecedentes.

1.- Solicitud de licenza para a substitución de cuberta de dous alpendres, presentada con data 20/05/2022 (registro de entrada 202299900002099) acompañada de:

- .-Proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Nión Suárez (con visado colexial)
- .- Nomeamento de director de obra
- .- Nomeamento de coordinador de seguridade é saúde

2.- Requirimento de documentación do 05/07/2022 (registro de saída 202200000004383)

3.- Solicitud para completar documentación do 22/08/2022 (registro de entrada 202299900003481), acompañada dun novo proxecto técnico modificado, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Nión Suárez visado polo colexio profesional.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

O obxecto da solicitude son as obras de substitución da cuberta de dúas edificacións de tipoloxía almacén situadas en dúas parcelas diferentes e colindantes situadas no Lg. Xoane da Estrada, núm. 120 e 122.

Segundo o último proxecto presentado, o 22/08/2022 (registro de entrada 202299900003481), as obras que se pretenden executar son similares nas dúas edificacións, a substitución do entramado e da cubrición do tellado, na actualidade de madeira e tella, por un novo sistema con viguetas metálicas, planchas de fibrocemento e acabado en tella. Proxéctase ambas cubertas a dúas augas e no alpendre 1 a demolición dun pilar de formigón existente.

As obras non supoñen nin cambio de uso, nin aumento da superficie construída, nin da altura da edificación.

As superficies son as seguintes:

Parcela catastral 3264911NH2836S0001JJ:

Superficie de parcela 1.021 m²
Superficie construída das edificacións sobre a parcela 476 m²
Superficie da edificación afectada polas obras: 65,00 m²

Parcela catastral 3264915NH2836S0000YH:
Superficie de parcela 14.172 m²
Superficie construída das edificacións sobre a parcela 1.972 m²
Superficie da edificación afectada polas obras: 220,00 m²

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A clasificación do solo da parcela onde se proxecta a construción da vivenda é **solo de núcleo rural histórico -tradicional**.

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado con data 17/10/2022, indicando que as obras para as que se solicita licenza cumpren coa normativa urbanística de aplicación xa que se trata de obras de conservación e mantemento das construcións existentes, sen que se produza ningún cambio de uso, nin de superficie construída, nin da altura das construcións existentes.

Segundo a documentación técnica presentada, o uso de ambas edificacións é de almacén de uso agrícola.

Con respecto aos acabados, a cuberta proxéctase a dúas augas acabada en tella cerámica, axustándose as condicións establecidas para as construcións situadas en solo de núcleo rural histórico tradicional.

Ambas edificacións están situadas dentro da aliñación establecida no plano de ordenación do planeamento.

A arquitecta tamén indica no seu informe que no proxecto técnico, asinado por técnico competente xustifícase a normativa sectorial de aplicación; que o cambio de material da cuberta proxéctase mantendo a estrutura existente e que no proxecto se inclúe descripción e planos da solución proposta.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da citada Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal. O artigo 143.1, do mesma lei, establece que as licenza outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza

solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1661 de data 17/06/2019 (BOP 21/06/2019) de delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 02/11/2022, no expte. 2022/U022/000040, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

CONCEDER A LICENZA para as obras de conservación e mantemento consistentes na substitución das cubertas de dous alpendres situados nas parcelas que se corresponden cos números 120 e 122 do Lg. Xoane da Estrada, na parroquia de Goiáns, de Carballo segundo o proxecto presentado e resto de documentación achegada e coas seguintes condicións:

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

8.- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CARBALLO DO ANO 2022 (OEP 1/2022). CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL.

Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local de 09/05/2022 aprobou a oferta de emprego de persoal (OEP) para o ano 2022, que se refire, dun lado, á OEP extraordinaria ou adicional de estabilización derivada da Lei 20/2021, e doutra, á OEP ordinaria deste exercicio 2022.O anuncio de aprobación da OEP foi publicado no BOP núm. 91 de 13/05/2022.

Segundo.- Advertíronse erros materiais no Anexo ao dito acordo no que se refire á OEP extraordinaria ou adicional de estabilización derivada da Lei 20/2021, nos seguintes extremos:

Apartado I.A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021): Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016, táboa do persoal laboral fixo, fila 9, denominación: Ordenanzas conserxes instalacións deportivas, que ten o seguinte texto:

PERSOAL LABORAL FIXO			
Categoría profesional	N.º de prazas	Denominación	Acceso Libre
Grupo IV	4	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	DA 6ª Lei 20/2021

Apartado I.B.- Sistema Concurso-oposición (Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2021), Prazas de natureza estrutural que estean ou non nas RPT, plantillas ou outras forma de organización de recursos humanos e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de maneira temporal e ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020, na táboa do persoal laboral fixo, que ten o seguinte texto:

PERSOAL LABORAL FIXO

<i>Categoría profesional</i>	<i>N.º de prazas</i>	<i>Denominación</i>	<i>Acceso Libre</i>
Grupo IV	2	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2022

Terceiro.- o convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Carballo, cuxo texto definitivo foi aprobado por acordo plenario do 03/10/2018, e publicado no BOP núm. 60 do 28/03/2019, establece no seu artigo 80 os grupos profesionais e o grupo V equiparase co grupo de funcionario Agrupacións Profesionais (titulación: Certificado de Escolaridade), que, a súa vez, é a que se corresponde coas prazas de Ordenanza conserxe.

Cuarto.- Do exposto conclúese que a categoría profesional das prazas de Ordenanza conserxe e o Grupo V, polo que procede a corrección de erros advertida no citado acordo no seguinte sentido:

"I.- OEP 2022 "extraordinaria" ou "adicional" de "estabilización" derivada da Lei 20/2021.

Prazas do PROCESO DE ESTABILIZACIÓN derivado da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el empleo público

Apartado I.A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021): Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016, táboa do persoal laboral fixo, fila 9, denominación: Ordenanzas conserxes instalacións deportivas, que debe ter o seguinte texto:

PERSOAL LABORAL FIXO			
<i>Categoría profesional</i>	<i>N.º de prazas</i>	<i>Denominación</i>	<i>Acceso Libre</i>
Grupo V	4	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	DA 6ª Lei 20/2021

Apartado I.B.- Sistema Concurso-oposición (Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2021), Prazas de natureza estrutural que estean ou non nas RPT, plantillas ou outras forma de organización de recursos humanos e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de maneira temporal e ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020, na táboa do persoal laboral fixo, que debe ter o seguinte texto:

PERSOAL LABORAL FIXO			
<i>Categoría profesional</i>	<i>N.º de prazas</i>	<i>Denominación</i>	<i>Acceso Libre</i>
Grupo V	2	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2022

"

Consideracións xurídicas.-

De conformidade có previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, éstas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

E vista a proposta da Técnico de Administración Xeral de 03/11/2022 e da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior da mesma data, contidos no expte. 2022/E003/000001, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Rectificar os erros materiais advertidos no **Anexo** ao acordo da Xunta de Goberno Local de 09/05/2022 polo que se aprobou a oferta de emprego de persoal (OEP) para o ano 2022, no que se refire á OEP extraordinaria ou adicional de estabilización derivada da Lei 20/2021, que queda redactado nos seguintes termos:

I.- OEP 2022 "extraordinaria" ou "adicional" de "estabilización" derivada da Lei 20/2021.

Prazas do PROCESO DE ESTABILIZACIÓN derivado da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el empleo público,

I.A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021): Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

PERSONAL LABORAL FIXO			
Categoría profesional	N.º de prazas	Denominación	Acceso Libre
Grupo V	4	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	DA 6ª Lei 20/2021

I.B.- Sistema Concurso-oposición (Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2021), Prazas de natureza estrutural que estean ou non nas RPT, plantillas ou outras forma de organización de recursos humanos e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de maneira temporal e ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

PERSONAL LABORAL FIXO			
Categoría profesional	N.º de prazas	Denominación	Acceso Libre
Grupo V	2	Ordenanzas conserxes instalacións deportivas	Art. 2.1 e 2.4 Lei 20/2022

“

Segundo.- Publicar esta rectificación de erros na sede electrónica deste concello, no seu taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.

9.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN. APROBACIÓN

9.1.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SUMINISTRO DENOMINADO “HERRAMIENTA DE RESCATE EN ACCIDENTES A BATERÍA PARA EL SERVICIO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL” (SUM 18/2022)

Mediante Providencia de 31/10/2022 se ha iniciado el expediente de contratación del contrato de “**Herramienta de rescate en accidentes a batería para el servicio municipal de Protección Civil**”, mediante procedimiento abierto supersimplificado, con diversos criterios de adjudicación valorables mediante fórmulas matemáticas, conforme al art. 159.6ª LCSP.

El objeto de este contrato es determinar las condiciones que deben regir el suministro de una herramienta multifunción de rescate a batería para el Servicio Municipal de Protección Civil del Ayuntamiento de Carballo, todo ello conforme a las características previstas en el pliego de prescripciones técnicas (PPT) redactadas por el jefe del servicio de protección civil del Ayuntamiento de Carballo don Francisco Javier Souto Facal, el 31 de octubre de 2022, con un presupuesto de licitación de 23.000,00 € Iva incluido, y un valor estimado de 19.008,26 €.

Consta en el expediente la Memoria justificativa del contrato emitida por el Sr. Seoane Collazo el 31/10/2022.

Se elaboró en Noviembre de 2022 el pliego de cláusulas administrativas particulares correspondiente. El 31/10/2022 se realizó la retención de crédito por la Intervención municipal (RC nº operación 220220012357).

Fue emitido informe de Secretaría e Intervención en fecha 02/11/2022.

Se trata de un contrato de suministro de los previstos en el artículo 16 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (en adelante LCSP).

A la vista de lo anteriormente expuesto, de la propuesta de la Concejala delegada de Planificación, Estrategia Urbana y Contratación del día 02/11/2022, en el expediente 2022/C005/000009, y en uso de las atribuciones que tiene delegadas por Decreto 1661/2019 de 17/06/2019, la Junta de Gobierno Local, por unanimidad de los miembros presentes (5), ACUERDA:

Primero.- Procedimiento abierto con varios criterios de adjudicación.

Elegir como sistema de adjudicación el procedimiento abierto supersimplificado, con pluralidad de criterios de adjudicación valorables mediante fórmulas matemáticas, para contratar el “Suministro

de una herramienta de rescate en accidentes a batería para el servicio municipal de Protección Civil” según lo dispuesto en el Art. 159.6º LCSP.

Tercero.- Objeto contractual.

El objeto de este contrato es determinar las condiciones que deben regir el suministro de una herramienta multifunción de rescate a batería para el Servicio Municipal de Protección Civil del Ayuntamiento de Carballo, todo ello conforme a las características previstas en el pliego de prescripciones técnicas (PPT) redactadas por el jefe del servicio de protección civil del Ayuntamiento de Carballo don Francisco Javier Souto Facal, el 31 de octubre de 2022, con un presupuesto de licitación de 23.000,00 € Iva incluido, y un valor estimado de 19.008,26 €.

La codificación de Vocabulario común de contratos (CPV) que corresponde a este contrato es:

CPV	DENOMINACIÓN
42650000-7	Herramientas manuales neumáticas o con motor

Cuarto.- Pliegos.

Aprobar el cuadro de características del contrato (CCC), el pliego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) y el pliego de prescripciones técnicas (PPT) que regirán la adjudicación de este contrato de suministro, mediante procedimiento abierto supersimplificado, con diversos de criterios de adjudicación valorables mediante fórmulas matemáticas.

Quinto.- Criterios de adjudicación.

Los criterios que se propone para la adjudicación del procedimiento abierto supersimplificado son los siguientes, establecidos en el epígrafe 8.4 del CCC:

FASE ÚNICA	
Criterios evaluables mediante fórmulas matemáticas	Hasta 100 puntos
1.- Oferta económica (máx. 60 puntos) Oferta económica a la baja sobre el presupuesto base de licitación calculando la puntuación con arreglo a la siguiente fórmula: Fórmula de puntuación: $60 \times \frac{MO}{OV}$ Donde MO es la mejor oferta OV es la oferta a valorar.	Hasta 60 puntos
Las ofertas que no efectúen baja sobre el tipo de licitación, se puntuarán con 0 puntos.	
